

NOTA DE PRENSA

DIM 2022 no MARCO

18 de maio: Día Internacional dos Museos

“O poder dos museos”

O MARCO celebra este día con distintas actividades que terán lugar o propio mércores 18: un concerto do CMUS Profesional de Música de Vigo, un obradoiro inclusivo en lingua de signos para público infantil, e unha maratón de mini-sesións de clases de idiomas, aberto ao público, a cargo de profesorado da EOI, xunto a visitas guiadas ás exposicións e descontos especiais na tenda-librería Lasal Books.

#DIM2022 #OPoderDosMuseos @ICOMOficiel



DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2022 “O poder dos museos”

O Consello Internacional de Museos (**ICOM**) creou o Día Internacional dos Museos en 1977 para sensibilizar o público sobre o papel dos museos no desenvolvemento da sociedade. Dende entón, cada 18 de maio miles de museos de países e territorios en todo o mundo celebran este día en torno ao tema elixido polo ICOM para cada edición.

DÍA INTERNACIONAL DE LOS MUSEOS

El Poder de los Museos



ICOM PRAGUE 2022



O lema deste ano céntrase no poder dos museos para transformar o mundo que nos rodea, e en explorar o potencial dos museos para provocar un cambio positivo nas súas comunidades a través de tres eixes: a **sustentabilidade**, a **innovación** na dixitalización e a accesibilidade, e a construción da comunidade a través da **educación**.

En liña co lema e prioridades do ICOM para esta edición, o MARCO preparou un conxunto de actividades que queren poñer o acento na accesibilidade, na linguaxe común a través de distintos medios de expresión cultural, e na creación de comunidade mediante actividades específicas en colaboración con distintas entidades e colectivos, e dirixidas a públicos diversos.

ACTIVIDADES

Mércores 18 de maio / DIM 2022 Día Internacional dos Museos

¡Maratón de lenguas!

Mini-sesiones de clases en 11 idiomas con profesorado de la EOI

Organiza: EOI Escola Oficial de Idiomas de Vigo, en colaboración con el MARCO



Para público en general

Entrada libre hasta completar aforo máximo en cada sesión

Miércoles 18 de mayo

MARCO, Espazo Anexo (plaza peatonal posterior)

Horarios: a lo largo de todo el día, de 11.00 a 13.30 y de 17.30 a 20.30

11.00-11.30: Alemán	17.30-18.00: Chino
11.30-12.00: Inglés	18.00-18.30: Inglés
12.00-12.30: Francés	18.30-19.00: Gallego
12.30-13.00: Italiano	19.00-19.30: Japonés
13.00-13.30: Japonés	19.30-20.00: Alemán
	11. 20.00-20.30: Portugués



El arte comparte con los idiomas su carácter dinámico, dinamizador y participativo: museos y centros educativos enriquecen a las comunidades de las que forman parte, favoreciendo miradas alternativas al mundo y abriendo horizontes hacia nuevas culturas.

Para celebrar una jornada tan especial, la EOI moviliza a buena parte de su profesorado y saca la escuela a la calle, ofreciendo sesiones de 30 minutos en las que entrar en contacto con su método pedagógico y abrir la mente a las diferentes lenguas que imparten de un modo innovador.

¿Quieres vivir en primera persona la experiencia de aprender un idioma en la EOI de Vigo? Aprovecha los lazos entre educación, comunidad e innovación en el Día Internacional de los Museos. ¡Acércate al MARCO y disfruta de una mini-clase en la lengua que más te apetezca!

ACTIVIDADES

Mércores 18 de maio / DIM 2022 Día Internacional dos Museos

Concerto DIM 2022

Percorrido polas obras máis representativas para clarinete solo e dúo do século XX, interpretadas por alumnado de Grao Profesional do CMUS Profesional de Vigo

Organiza: CMUS Profesional de Vigo, en colaboración co MARCO



Para público en xeral

Entrada libre ata completar capacidade máxima en cada espazo

Mércores 18 de maio

MARCO, salas de exposición do 1º andar, e panóptico central da planta baixa

Horario: a partir das 19.45

O concerto está concibido como un percorrido polas **salas de exposición de Alfredo Alcain no 1º andar**, e finalizará no **panóptico da planta baixa** cunha peza tan simbólica e cargada de sentido como o *Abismo dos paxaros*, de **O. Messiaen**, precisamente no lugar que ocupaba o centro da antiga prisión que foi o edificio do MARCO.

PROGRAMA

L. Berio. *Lied para clarinete solo* (1983) [SALA CORREDOR B1]

Saray Fernández Rodríguez, clarinete

Obra para clarinete solo composta en 1983 por un dos principais representantes da vangarda musical europea, e un dos pioneiros na música electrónica.

F. Poulenc. *Sonata para dous clarinetes* (1918) [SALA FRONTAL B1]

Alejandro Portela Moreira, clarinete en Sib, e Alejandra González Barreiro, clarinete en La

Dedicada a Édouard Souberbielle, foi escrita para dous clarinetes, un en *Sib* e outro en *La*. Considerada polo propio autor como bastante balbuceante, de carácter espontáneo e con certo sabor ácido, froito da crítica social baseada nos escritos de Cocteau.

G. Jacob. *5 Pezas para clarinete solo* (1972) [SALA CORREDOR B2]

Antonio Ramón Martínez Castro, clarinete

Gordon Jacob foi un compositor inglés que en 1917, ao estalar a 1ª guerra Mundial, foi feito prisioneiro, e que na biblioteca de campo de prisioneiros localizou un libro de harmonía e comezou a compoñer. A obra consta de cinco pezas das que se van interpretar catro: *Preamble*, *Waltz*, *Homage to J.S.B* e *Soliloquy*.

G. Miluccio. *Rapsodia para clarinete solo* (1979) [SALA FRONTAL B2]

Iria Muñoz de Santiago, clarinete

Obra composta despois dunha carreira de clarinetista de ópera e compositor en Nápoles e Milán. Dedicada ao seu amigo Jean Leduc, é unha obra inicialmente romántica que contrasta con motivos rítmicos e moi virtuosísticos.

O. Messiaen. *Abismo dos paxaros* (1941) [PANÓPTICO PLANTA BAIXA]

Lara González Garrido, clarinete

Terceiro movemento do *Cuarteto para o fin dos tempos*, unha obra creada durante a 2ª Guerra Mundial, no campo de prisioneiros de guerra alemán de Görlitz, e estreada en 1941.

ACTIVIDADES

Mércores 18 de maio / DIM 2022 Día Internacional dos Museos

As letras do teu retrato

Obradoiro en lingua de signos para público infantil

Conducido por **Miriam Aller e Yoli García Rodríguez**

Aberto a público infantil en xeral, con ou sen discapacidade auditiva

Organiza: Biblioteca-Centro de documentación do MARCO

Mércores 18 de maio

#MARCOTeca (sala perimetral anexa á biblioteca, 1º andar)


Horario: de 17.30 a 18.15 (de 3 a 6 anos) e de 18.15 a 20.00 (de 7 a 12 anos)

Prazas limitadas, necesaria INSCRIPCIÓN (a partir do venres 13 de maio en Taquilla MARCO)

Tel. 986 113900 (extensión 100)

repcion.marco@gmail.com

Horario taquilla: de martes a sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 (domingos de 11.00 a 14.30)



Con motivo do Día Internacional dos Museos, e en liña cos obxectivos de accesibilidade promovidos dende o ICOM, o MARCO organiza esta experiencia dirixida a público infantil, e conducida por monitoras especializadas, que consiste nun achegamento ao debuxo a través da lingua de signos. Unha forma de expresión de grande forza plástica e visual, característica que comparte coa arte. Durante esta viaxe xogaremos co debuxo, a lingua, as mans, e co noso propio corpo, como unha forma moi especial de comunicarnos e de expresar emocións, sentimentos e creatividade.

ACTIVIDADES

Mércores 18 de maio / DIM 2022 Día Internacional dos Museos

Visitas ás exposicións do MARCO

Visitas guiadas ás exposicións de **Alfredo Alcain, Francisco Leiro, e Idoia Montón**, na compañía de persoal de salas

Para público en xeral

Entrada libre ata completar capacidade máxima en cada visita

Mércores 18 de maio

MARCO, salas de exposición do 1º andar e da planta baixa

Horarios: ás 12.00 e ás 18.00



LASAL BOOKS

Ampliación horarios e descontos especiais no DIM

LASAL
BOOKS

Con ocasión do Día Internacional dos Museos (18 de maio), a tenda-libraría LASAL BOOKS, situada no vestíbulo do MARCO, súmase á celebración **ampliando** o seu horario de apertura **pola tarde ata as 21.00**, e ofrecendo un **desconto do 5%** en todas as compras realizadas este día, tanto en tenda coma na súa web www.lasalbooks.com.

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113908 /113904 / 113900

comunicacion@marcovigo.com